

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN BIEITO LEDO PARA A PRIMEIRA FASE DA REHABILITACIÓN DE VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE PADROSO, 6, CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA, PARA DESTINALA A ALBERGUE DE PEREGRINOS**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Bieito Ledo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Bieito Ledo para a primeira fase da rehabilitación de vivenda situada no lugar de Padroso, 6, concello de Xunqueira de Ambía, para destinala a albergue de peregrinos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** A Fundación Bieito Ledo constitúese como unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se indican deseguido:

- Con carácter xeral, a defensa e promoción da lingua e cultura galegas en todas as súas vertentes.
- A conservación, arquivo e divulgación do fondo editorial de IR INDO EDICIÓNS.
- A promoción do Camiño de Santiago, particularmente a Ruta da Prata.
- O fomento da creación literaria.
- A promoción e divulgación do medio rural de Galicia.
- A dinamización do turismo cultural.

Para a consecución dos fins antes mencionados, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- Edición e divulgación de libros e revistas.
- Potenciación do uso das novas tecnoloxías.
- Celebración de encontros, seminarios, viaxes de formación.
- Convocatoria de bolsas de estudo.
- Creación dunha biblioteca especializada no Camiño de Santiago.
- Elaboración de guías culturais e divulgación de rutas no ámbito xeográfico galego.

**Terceiro--** O Camiño de Santiago Vía da Prata ou Camiño Mozárabe prolonga a calzada romana denominada Vía da Prata que unía Emerita Augusta (Mérida) con Asturica Augusta (Astorga). A vía trazouse a comezos do cristianismo aproveitando camiños máis antigos. Entra en Galicia pola Mezquita e é o camiño xacobeo galego de maior percorrido. O termo "Vía da Prata" non ten que ver coa explotación ou co comercio deste metal precioso, senón que procede do árabe Bal'latta, que é a palabra coa que os musulmáns designaron aquela ampla vía pública empedrada e de sólido trazado pola que se encamiñaban ao



norte cristián. Con todo, esta vía si se chegou a empregar para o comercio de prata americana chegada aos peiraos de Sevilla.

Na segunda metade do século XIII, despois da toma de Sevilla e de Córdoba aos árabes, este itinerario comeza a ser utilizado polos peregrinos de Andalucía e Estremadura. Uns seguían ata Astorga, e enlazaban aquí co Camiño Francés. Outros tomaban a desviación de Puebla de Sanabria-A Gudiña e desde aquí, ben por Laza ou ben a través de Verín, ata Ourense e Santiago. E unha terceira posibilidade levaba os peregrinos polo nordés de Portugal cara a Verín.

Ao entraren en Galicia pola Gudiña, os peregrinos da Vía da Prata poden elixir se continuaren por Verín ou por Laza. O itinerario por Laza atravesa os concellos de Sarreaus, Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Paderne de Allariz. Ambos os dous itinerarios únense nas Pereiras (Taboadela), pouco antes de entrar no concello de San Cibrao das Viñas, e seguen pola estrada OU-0102 cara a Ourense. Padroso pertence á etapa do Camiño que vai de Vilar de Barrio a Ourense por Laza.

**Cuarto.-** A Fundación Bieito Ledo pretende levar a cabo a rehabilitación dunha vivenda no lugar de Padroso, 6, parroquia da Abeleda, concello de Xunqueira de Ambía, para albergue de peregrinos do Camiño de Santiago, con capacidade para oito persoas e tres dormitorios dobres. A vivenda sitúase xusto ao pé do camiño, a 4 quilómetros de Xunqueira de Ambía, importante centro espiritual en tempos medievais. Está situada tamén na contorna de protección dunha aia, elemento de interese etnográfico incluída no Catálogo de bens históricos, artísticos, arquitectónicos, etnográficos e arqueolóxicos do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Xunqueira de Ambía.

A rehabilitación da vivenda realizarase desenvolvendo o seguinte programa de necesidades en dúas plantas:

- Soportal entrada
- Salón comedor
- Cociña
- Solaina / Cuarto lavadora



- Recepción/ Biblioteca
- Dormitorio múltiple
- Baño masculino
- Baño feminino
- Tres dormitorios dobres con baño incorporado

Manterase a volumetría existente, mais modificarase a posición dos forxados interiores para adecualos ó uso de albergue. Realizara un soportal na fachada este, na entrada do albergue. Este distribúese do seguinte xeito:

- Planta baixa: entrada, recepción, salón comedor, un dormitorio múltiple, baño masculino, baño feminino e cuarto de lavadora.
- Planta primeira: tres dormitorios dobres con baño e un almacén.

Optouse por utilizar para o acabado de pechamentos e cubrición do tellado os materiais habituais na zona (pedra, madeira, revocos coloreados e tella cerámica).

Para os acabados de fachada e carpinterías séguense os criterios fixados por Patrimonio Cultural dentro do ámbito de protección do Camiño de Santiago.

As cores da carpintería e cerrallerías exteriores son os indicados na Guía de Cores e Materiais de Galicia: Tomo IV – Chairas, Fosas e Serras Ourensás.

Proxéctase unha estrutura baseada nos muros de carga de cachotaría, xa existentes, e forxados unidireccionais de chapa colaborante. A estrutura da cuberta mantense e íllase polo exterior.

Mantense a xeometría e volumetría existente do edificio actual, que dispón dun volume en forma planta cuadrangular de 16 x 4 m e altura de 4,80 m, que dispón d dúas alturas e cuberta a dúas augas. Forma parte da mesma vivenda dous volumes arrimados, de dúas plantas cunha base de 8 x 7 m e unha altura de 4,50 m, e cuberta a tres augas.



Realízase un pequeno volume na fachada este cun soportal aberto, co fin de crear un acceso ó albergue. Para a realización do volume de entrada utilízanse os materiais (pedra, tella e madeira lacada) do volume principal para integralo no conxunto.

A Axencia de Turismo de Galicia entende que é de interese público colaborara para a execución do obxecto antes descrito, co fin de incrementar e favorecer a atención e coidado ao peregrino. Este proxecto supón ademais a posta en valor dos recursos turísticos da zona, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Bieito Ledo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

